

DANDYLNDY
DESASOSSEGO

DandyLady é unha formación integrada por Iria Pinheiro (actriz) e Jesús Andrés (músico). Dende 2007 traballan xuntos en proxectos musicais de diferentes estilos: música disco (Mosca Gogó) ou pop (Siesta Continental) e noutros relacionados co cabaret (ciclo Mércores no solpor do Museo Verbum, Churra e Merina...) ou a danza (Nexus 6, da Cía. Branca Novoneyra).



Desassossego é un espectáculo de pequeno formato no que seis poetas galegas poñen letra a este cabaret-poético xunto con outras tres do resto da península nun espectáculo de 45 minutos (Branca Novoneyra, Olalla Cociña, Lupe Gómez, Lucía Aldao, Sther F. Carrodegua, Xiana Arias, Luci Romero, María Salgado, Adília Lopes).

O título da peza nace do Livro do desassossego de Fernando Pessoa, e o primeiro texto desta obra, "A morte do príncipe" abre o recital.

O nome do grupo foi inspirado, entre outros motivos, por un poema de Lois Pereiro: Dandy, tamén incluído na escolma.



Iria Pinheiro é Licenciada en Psicopedagogía.

Traballa coma actriz dende o ano 1998.

Con ampla experiencia en videoclips (Caxade, Roy Ellis & Transilvanians, Eladio y Los Seres Queridos, Lamatumbá, Juanito Brothers...) e curtametraxes, onde se contan até trece títulos.

Traballou con directores coma Mario Iglesias, Ángel Santos ou Claudia Brenlla.

Colabora habitualmente coas compañías de teatro: Chévere, Elefante Elegante, Cía.

Branca Novoneyra (danza-teatro) ,etc.Tamén estivo na montaxe de As Dunas do Centro Dramático Galego.

Coñecida pola súa labor en televisión (Pillados, O Programón, Máxima Audiencia, Luar, Supermáster, Zapping Comando...).É principalmente no eido do cabaret, no que ten participado en numerosos proxectos propios e alleos: Détour, CabRaret, Ultranoites, Ciclo Mércores no Solpor do Museo Verbum...

Musicalmente foi vocalista en Mosca Gogó, e formou parte de grupos coma: Alféizar ou Siesta Continental. Actualmente é a cantante da Orquestra Os Modernos.

En 2009 recibiu o premio Mellor Actriz no certame Curtas na Rede. No 2012 a película "Dos fragmentos/Eva" (dirixida por Ángel Santos) da queé protagonista, recibe a Mention Spéciale du Jury Jeune no Festival de Annecy.

Jesús Andrés é deseñador gráfico e músico.

Realizou diversos proxectos artísticos: Cía. Branca Novoneyra, Cía. Druida danza, Sulxeitos, ISGA collective, Cía. de danza Indio Palo e o Centro Coreográfico Galego, nestá última co espectáculo ETHERIA (2010-11).

Finalista 2007 no Proxecto Demo FIB.

Escenarios internacionais: FIB Heineken, Festival Intercéltico de Lorient, Edimburgo, Liverpool, Bruselas, Frankfurt, Londres, Munich, Tokio, Marsella e Helisinki.

Forma parte do proxecto Tender a Man xunto a Yolanda Castaño, Mónica de Nut, Isaac Garabatos e Branca Novoneyra. Tamén participou en diversas formacións musicais como Patricia Moon, ISGA collective, Los Deuteronistas, Los Suizos, Gloomy House, Mosca Gogó, Indio Palo, Lassa, ...

Na actualidade realiza diversos traballos de videocreación, BSO e como técnico de son de diversas formacións (Xardín desordenado, Sulxeitos, Patricia Moon,...)



VIDEOS

<http://vimeo.com/73297589>

<http://vimeo.com/51132769>

CONTACTO

info@dandylady@gmail.com

633 340 988